



Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Traballo de
fin de grao

A dinámica recente da
estructura sectorial
galega

Unha análise a partir
dos sectores
característicos da
nosa economía

Álvaro José Amoedo Fernández

Febreiro 2022

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Administración e Dirección de Empresas.

Resumo

O presente traballo ten como obxectivo analizar as características sectoriais da economía galega, realizando unha revisión bibliográfica e empregando datos facilitados por diversas fontes, fundamentalmente o IGE, e que nos levan a concluir que a nosa economía ten unhas características moi parexas ás do noso entorno terciarizado, aínda que cunhas particularidades concretas que a distinguen do resto tal e como demostran os sectores característicos que definen a economía galega, tamén analizados neste traballo. En canto á problemática económica que está a sufrir Galicia, é difícil de tratar no seu conxunto, mais queda claro que moitas das solucións parten da base de incrementar o orzamento público en sectores concretos para que así se fomente unha dinámica idónea que axude a revitalizar a economía.

O traballo componse de 9968 palabras.

Índice

Resumo	2
Índice de abreviaturas	4
Índice de táboas, gráficos ou figuras	5
Introdución	6
Planificación	7
Desenvolvemento do traballo	10
1. A economía galega en perspectiva histórica	10
1.1. Perspectiva histórica	10
1.2. Demografía.....	11
1.3. Desagrarización	11
1.4. Industrialización	14
1.5. Construción e infraestruturas.....	15
2. Comparativa económica por sectores e zonas xeográficas	17
2.1. Evolución recente da produción na economía galega	17
2.2. Comparativa do PIB galego co español	19
2.3. Análise dos grandes sectores en Galicia	21
2.3.1. Sector Primario	
2.3.2. Sector Secundario	
2.3.3. Sector Terciario	
2.3.4. Construción	
2.4. Análise dos sectores galegos máis característicos	24
2.4.1. Sector Agroalimentario	
2.4.2. Sector Forestal-madeireiro	
2.4.3. Sector Vehículos e compoñentes	
2.4.4. Sector Pesqueiro	
2.4.5. Sector Cultural	
2.4.6. Sector do Transporte e da loxística	
2.4.7. Sector Madeireiro	
Conclusións e ampliación	32
Bibliografía	35

Índice de abreviaturas

INE: Instituto Nacional de Estadística.

IGE: Instituto Galego de Estatística.

UE: Unión Europea.

PIB: Produto Interior Bruto.

PIBpc: Produto Interior Bruto per cápita.

IDH: Índice de desenvolvemento humano

Índice de táboas, gráficos ou figuras

Gráfico 1: Evolución do PIB e PIBpc galegos.....	18
Gráfico 2: Evolución da poboación galega total e por provincias.....	18
Gráfico 3: Evolución do PIB galego e español en base 100.....	19
Gráfico 4: Evolución PIB galego/PIB español.....	20
Gráfico 5: Evolución sector primario.....	21
Gráfico 6: Evolución sector secundario.....	22
Gráfico 7: Evolución sector terciario.....	23
Gráfico 8: Evolución da construción.....	24
Gráfico 9: Evolución cadea forestal-madeireira.....	25
Gráfico 10: Evolución fabricación de vehículos, remolques e semiremolques.....	26
Gráfico 11: Evolución sector pesqueiro.....	27
Gráfico 12: Evolución sector cultural.....	28
Gráfico 13: Evolución transporte e loxística.....	29
Gráfico 14: Evolución sector mineiro.....	30
Gráfico 15: Evolución agroalimentación.....	31

Introdución

O presente estudo ten como obxectivo analizar a evolución recente da economía galega dende unha perspectiva sectorial, atendendo particularmente aos seus sectores característicos definidos polo IGE, no período 2000 – 2019, prestando particular atención ás mudanzas acontecidas debido á crise financeira iniciada no ano 2008.

En canto á metodoloxía, realízase unha revisión bibliográfica dende unha perspectiva estrutural da economía galega e un percorrido histórico sobre o seu proceso de desenvolvemento. Posteriormente, desenvólvese unha análise descriptiva mediante os datos que ofrece o Instituto Galego de Estatística (IGE), e en menor medida do Instituto Nacional de Estatística (INE), ademais doutros datos puntuais obtidos na bibliografía empregada, como artigos académicos, libros de historia económica ou excepcionalmente de fontes secundarias como artigos xornalísticos. Grazas a estes datos púidose ir contextualizando o traballo no seu conxunto segundo os requerimentos que se precisaban na temática de cada un dos apartados.

Os resultados obtidos amosan que o proceso de desagrarización galego foi moi profundo ao longo do Século XX, pero a característica fundamental no período analizado pasa pola profundización no proceso de terciarización, sector dominante de xeito fundamental na estrutura sectorial. Ademais, tamén é importante sinalar a semellanza que ten a economía galega coas do seu entorno terciarizado, pero pola outra banda posúe unhas particularidades que distiguen aos seus sectores característicos con respecto aos de outras economías.

Existen certos problemas económicos na economía galega que foron tratados ao longo do texto, e algúns deles semellan ter sinxela solución. Por exemplo, a decadencia que sofre o sector cultural, que podería saldarse se os fondos públicos dos que dispoñía con anterioridade á crise volvesen a asignárselle, pois na última década veuse reducido o seu orzamento nun 47%. En canto ao sector forestal, o problema é a mala xestión dos fondos, pois destínase máis á extinción de incendios que á prevención dos mesmos mediante por exemplo a ordenación forestal, esta última sería unha solución longoplacista pero con resultados máis efectivos. No tocante ao sector agroalimentario, dispón dun especial potencial do que cabería esperar gran rendemento por mor das vantaxes competitivas coas que conta Galicia. E por último, se falamos do sector automobilístico, cabe indicar que a crise do 2007 afectoulle grandemente, trátase dun pilar fundamental da nosa economía e polo tanto o feito de ter sorteado con dificultade a crise sentou unha das principais bases da recuperación económica galega en todo o seu conxunto.

Planificación

A función deste apartado consiste en recoller o modo en que se foi desenvolvendo o traballo, a evolución do mesmo ao longo do tempo no que foi tomando forma a partires das distintas fases a seguir, dende os requerimentos burocráticos como a selección de tema e envío da solicitude do traballo até cuestións como reunións co titor, búsqueda de información e redacción. Ademais neste espacio considero oportuno darlle o meu agradecemento a Adrián Dios Vicente, titor deste traballo, pola súa entrega e dedicación, incluíndo consellos e coñecementos que de absterme deles o resultado sen dúbida non sería o mesmo.

Outubro 2020

lu.	ma.	mi.	ju.	vi.	sá.	do.
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Novembro 2020

lu.	ma.	mi.	ju.	vi.	sá.	do.
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

Decembro 2020

lu.	ma.	mi.	ju.	vi.	sá.	do.
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

Xaneiro 2021

lu.	ma.	mi.	ju.	vi.	sá.	do.
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Febreiro 2021

lu.	ma.	mi.	ju.	vi.	sá.	do.
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28

- Selección do tema e envío da solicitude do Traballo Fin de Grao.
- Reunións co titor, tanto presenciais como telemáticas.
- Revisión bibliográfica e consulta de datos e fontes estatísticas.
- Redacción do traballo.

Desenvolvemento do traballo

1. A economía galega en perspectiva histórica

Para poder entrar en materia dun modo axeitado, é de vital importancia percorrer a economía galega definida dende unha perspectiva anterior aos nosos días, que nos axude a entender a evolución que finalmente desembocou na situación económica actual. É preciso dicir que Galicia foi experimentando unhas vitais transformacións socioeconómicas, as cales mudaron por completo o perfil económico e social da rexión, dando como resultando unha incuestionable mellora en niveis de vida para a poboación.

1.1. Perspectiva histórica

As razóns deste beneficioso cambio están baseadas, sobre todo, na reestructuración sectorial que viu trasvasar dous terzos da poboación da agricultura á industria e sobre todo aos servizos, un aumento nas reservas de capital tanto privado como público, e un adianto nos niveis de formación e na saúde da poboación (López, 2016).

Houbo tamén un cambio sustancial tras a consolidación das institucións autonómicas, ao tempo que a incorporación á Unión Europea implicaba emprender un novo proceso. Ambos acabaron repercutindo nun cambio na situación de Galicia como economía rexional no mercado español. Nesta época o sector público estaba evolucionando na súa descentralización e democratización, gañou calidade en cuestións referentes á oferta de servizos básicos, o que acabaría consolidando o Estado do Benestar (López, 2016).

Mais non todo era progreso, un exemplo claro foi a aparente boa evolución nos datos de produto e renda por habitante, que semellaban un achegamento en valores con respecto a España e a Unión Europea, pero nada máis lonxe da realidade, este acurtamento foi debido sobre todo á evolución demográfica galega, é dicir, a chamada converxencia pasiva, xa que o volume de poboación estancouse dende os anos sesenta, e debido a isto Galicia viu diminuír o seu tamaño relativo económico, demográfico e político en España. Deste modo, pódese dicir que a ganancia de prosperidade era real, dado que realmente o PIB quincuplicouse nos últimos cincuenta anos, pero tamén cabe sinalar que foi debida en “grosso modo” á redución relativa que sufría Galicia con respecto a España e Europa (López, 2016).

Con respecto a indicadores de benestar tómase o Índice de Desenvolvemento Humano, que permite ter en conta datos relativos á saúde, educación e riqueza, e estes datos constatan que o IDH galego evolucionou favorablemente dende a década

dos oitenta até o 2010, incluso mellorando levemente respecto á media española e aínda máis ao compararse coa UE (López, 2016).

1.2. Demografía

Para entender certos datos económicos de Galicia tamén cabe destacar a importancia da emigración, e por conseguinte das súas remesas. Isto puido provocar que a renda dispoñible dos fogares galegos fose sempre superior á da súa produción, tanto en épocas pasadas remontándonos ao Século XIX como até hai ben pouco. Nos últimos corenta anos isto mudou, a emigración a partires dos anos setenta diminuiu e polo tanto tamén o fixeron as remesas; isto coincidiu coa consolidación do Estado do Benestar en España, e dende entón a acción redistributiva do Estado foi a que tomou o relevo como fonte de renda adicional para os fogares galegos. Nesta sintonía, nas últimas décadas as transferencias públicas son as que se converten no principal complemento de ingresos das familias, e cumpren así a función que viñan xogando as remesas, sobre todo en comarcas do interior rural nas que existe poboación máis envellecida, atenuando entón as disparidades provinciais e municipais no produto por habitante para a renda dispoñible (López, 2016).

No tocante á emigración, cabe sinalar o feito de que este proceso, a longo prazo, acabou beneficiando a urbanización por varias razóns. Máis alá do impacto demográfico da emigración no que se refire ao consecuente estancamento da cifra de habitantes, tamén impactou na distribución espacial interna da poboación, xa que a xente das provincias orientais e áreas rurais era a que máis tendía a emigrar, ao tempo que internamente existía unha mobilidade ás cidades, e ademais os emigrantes retornados asentábanse maioritariamente en zonas urbanas. Como cabe esperar, esta urbanización conlevaba ao mesmo tempo unha desagrarización propia das zonas rurais, e polo tanto unha causa máis da reestructuración sectorial (López, 2016).

Máis tarde a posición galega en canto a fluxos migratorios cambiou, alcanzando un saldo migratorio positivo dado que a inmigración e os retornos da emigración superaban as saídas ao estranxeiro. A consecuencia de cara á urbanización era a mesma, aumentaba, e con ela tamén a reestructuración sectorial.

Pero pouco despois, debido á recesión, o saldo migratorio estancouse, dado que a inmigración non só acabou por ser case inexistente, senon que moitos dos inmigrantes retornan aos seus países de orixe, e ao mesmo tempo motivouse unha emigración por parte de xóvenes titulados. Todo isto unido ao envellecemento poboacional e á baixa taxa de fecundidade conleva a proxectar unha poboación galega de menos de dous millóns de habitantes a mediados do Século XXI (López, 2016).

1.3. Desagrarización

Tendo en conta todo o anterior, pódese valorar que a día de hoxe Galicia xa non é unha sociedade rural e ademais este medio rural non é predominantemente agrario. Un cambio drástico se o comparamos con características pasadas, e ao mesmo tempo

un punto clave se temos en conta que existe un punto de vista moi extendido que afirma que a demografía marcará o futuro socioeconómico rexional (López, 2016).

A evolución dos sectores económicos está íntimamente relacionada coa configuración espacial das zonas rurais e urbanas, a cal responde a unha lóxica de produción e acumulación dos excedentes. Os espazos rurais están dedicados á produción de alimentos e materias primas, que se transforman e se intercambian nas cidades, que é onde se sitúa o mercado. E isto vense repetindo así ao longo da historia e das distintas civilizacións (Harvey, 1979).

Coa chegada da modernidade, na cidade comézanse a concentrar con maior incidencia as vangardas, e consigo as grandes industrias e órganos de toma de decisións dos Estados modernos. Se produce a partir de entón a industrialización paralelamente coa urbanización e emigración do campo á cidade. Os avances tecnolóxicos fan innecesarios a gran parte dos campesiños, pero á súa vez requírese de man de obra non cualificada nas industrias da cidade, motivando así o éxodo do campo á cidade, vaciando os espazos rurais. Estas son as pautas que segue Galicia dende o Século XIX, ao igual que todas as sociedades que seguiron os patróns de modernización occidentais (Saco, 2010). Ben é certo que neste sentido, o proceso levado a cabo en Galicia orixinouse con algo de posteiridade con respecto ás rexions máis industrializadas, pero unha vez iniciado o proceso alá polos inicios do Século XX este puido desenvolverse dun xeito máis rápido do que o fixeran as primeiras rexións.

O proceso modernizador vaise dar con diferentes características en zonas de incorporación tardía dunha maneira excéntrica. A posición periférica de España respecto ao proceso de modernización, a posición periférica de Galicia en España e os desequilibrios internos entre a Galicia costeira occidental e a interior oriental (Seers, 1981).

Para entrar en materia no tocante ao sector primario fai falla ter en conta todos os cambios que conlevou o feito de deixar atrás o modo de vida tradicional asociado ao medio rural, que por suposto tiña a súa maior esencia e últimos reductos no interior galego, polo tanto se a isto lle sumamos a gran despoboación destes lugares temos como resultado unha menor dedicación a actividades primarias. A lóxica poboacional hase de ter en conta para poder relacionala coa economía e a sociedade no rural, ao mesmo tempo que se ha de facer coa lóxica de mercado no entorno urbán (Saco, 2010).

Ademais dos continuos procesos migratorios ao extranxeiro, tamén é importante a migración interior das aldeas ás capitais municipais, destas ás comarcais, destas últimas ás capitais provinciais e das cidades de interior ás zonas costeiras. Os poboadores do rural adquiren competencias no mercado laboral a base de formarse educativamente, o que lles leva a buscar traballo acorde co seu nivel formativo en zonas urbanas, deixando atrás as labores primarias que sí poderían atopar no seu entorno rural. Este proceso máis recente, unido a outro precedente xa sinalado con anterioridade referente ás melloras tecnolóxicas no campo, fan que os traballadores do rural sexan laboralmente expulsados ás zonas urbanas.

É salientable o feito de que a entrada de España no mercado común, lonxe de traer só consecuencias positivas, trouxo tamén negativas, como a exposición de gran parte do tecido productivo á competencia nun ámbito máis amplo cunha normativa perxudicial

para a economía productiva do rural galego, sobre todo na fixación de cuotas de produción, un claro exemplo disto foi a cuota imposta no sector lácteo.

As novas redes de infraestruturas tiveron gran impacto na ordenación do territorio e concentraron a poboación en puntos urbanos unidos polas autovías. Toda poboación e produción tende a limitarse ao carón destas vías, deixando máis aillado se cabe ao territorio que queda á marxe desta nova casuística (Saco, 2010).

Poñendo un pouco de números ao respecto, podemos destacar que dende o ano 1990 até o 2000 a renda agraria descendeu cerca dun 20% en termos reais, á vez que a poboación ocupada no campo descendía en máis de 150.000 persoas, non conseguindo que esta destrución de emprego fose compensada coa ocupación noutros sectores. Na pesca pódese destacar a polémica da redución da flota galega subvencionada pola Xunta en base á tapadeira dos chamados programas de modernización (Beiras, 2000).

Os campesiños foron convertíndose en innecesarios para o mantemento do nivel de produción. Nos países máis industrializados o problema está relacionado con qué facer cos excedentes xerados por unha poboación rural á que se intenta fixar no territorio a través da actividade agraria. No anterior deseño da modernidade había un novo papel a desempeñar por estes efectivos humanos nas florecientes e industriosas cidades, na actualidade moitos destes efectivos humanos vense fóra do deseño na medida en que o sistema productivo non os precisa nin como produtores agrícolas nin como produtores fabriles, pois sobran en ambos sectores. A alternativa é o crecemento do sector servizos (Saco, 2010). É importante incidir na inclusión de Galicia neste razoamento, pois a pesar da visión xeralizada que difunde a idea contraria, en realidade a poboación rural galega xa non se adica fundamentalmente á actividade agraria senon ao sector servizos, aínda así, o sector agroindustrial resulta ser unha actividade igualmente importante.

Pero este sector servizos é incapaz de absorber toda a man de obra cualificada que produce o sistema educativo. Sobre todo nas zonas máis periféricas, nas que o nivel de formación estase convertindo nun factor de expulsión. Isto, unido ao rexeitamento cada vez máis patente do traballo nos sectores primario e secundario, fai que moitos xóvenes das zonas rurais aspiren a exercer traballos no sector de servizos urbán, xa que, nun medio rural cada vez máis despoboado, os servizos van menguando ao mesmo tempo que a poboación. Só certas actividades como o turismo rural ou os produtos artesáns ou con denominación de orixe poden chegar a reter parte desa poboación.

Pero o estilo de vida urbán ten un impacto que dificulta esta última opción. Os valores, modas e prioridades que se amosan en series, películas ou anuncios non teñen nada que ver coa realidade dos habitantes do rural. É o que podemos chamar a urbanización do campo, polo cal pódese dicir que a cidade foi impoñendo os seus criterios políticos, económicos e culturais ao medio rural (Saco, 2010).

1.4. Industrialización

Remontándonos agora até o Século XVIII, botando a vista aos inicios dos cambios sociais e económicos da nosa rexión, atopámonos co xurdimento dunha nova etapa que impulsou un rotundo cambio na estrutura económica que nunca antes se tiña visto, a industrialización.

As tres últimas décadas do Século foron en Galicia un período de cambio no tocante ás manufacturas, xa que Cataluña e País Vasco comezan a súa marcha cara a industrialización e polo tanto vaixe achegando xeográficamente a influencia da Revolución Industrial. Neste período prodúcese cambios como as novas formas de organización social e do traballo baseados na concentración da actividade en locais especializados ademais de cambios técnicos que conlevaron a que xurdisen novos segmentos do sector téxtil ou o primeiro alto forno español establecido por un empresario privado, o de Sargadelos. Puidendo incluír tamén aquí o caso do Arsenal de Ferrol que nos anos finais do Século XVIII introduce en Galicia a moderna tecnoloxía de vapor (Carmona & Nadal, 2005).

O efecto dunha nova industria crecente, conserveira e pesqueira, dará lugar a todo un conxunto de industrias marítimas en torno ao que creceron vilas como Bueu, Marín, Cangas, O Grove, A Illa, Ribeira, Pobra do Caramiñal, Cariño ou o propio Vigo, que concentrou a maior parte deste impulso, potenciado pola absorción de Bouzas, onde se deu o principal polo da modernización da pesca de fresco da época. Nace así Vigo como a capital industrial de Galicia, unha industria chegada polo mar, a diferenza da téxtil catalana ou ferreira do País Vasco (Carmona & Nadal, 2005).

A electricidade trouxo a Galicia a Segunda Revolución Industrial, cun retraso respecto a outros países non tan destacable como na incorporación do vapor, que fora o emblema da primeira. A abundancia de recursos hidráulicos situaba á electricidade como factor decisivo para cambiar as pautas de localización industrial en beneficio das zonas máis dotadas de recursos para a súa xeración, tal e como é o caso de Galicia. A historia do sector eléctrico empresarial pode dicirse que comeza en Galicia coa instalación da primeira central de vapor para suministro de alumeados públicos na cidade de Pontevedra no ano 1888. Convertiuse así esta cidade nunha das primeiras de toda España en contar con alumeados públicos por electricidade (Carmona & Nadal, 2005). Ao longo da primeira metade do Século XX, esta expansión hidroeléctrica terá tamén fondas repercusións na estrutura económica galega.

Coa chegada da crise económica dos anos setenta púxose fin ao longo ciclo de crecemento económico. Moitos dos sectores españois que máis sufriron duante a crise tiñan gran parte das súas empresas en Galicia, algúns non conseguiron adaptarse e continuaron en declive, pero outros sintonizaron coas novas condicións dos mercados industriais e obtiveron un éxito notable, como a confección ou a conserva. O sector lácteo creceu pero en dito proceso moitas das empresas foron absorvidas por firmas estranxeiras ou de outras zonas de España.

A estrutura interna dalgúns sectores destaca polos profundos cambios sufridos, pois a partir do 1970 a historia da industria galega vai da man dun grande éxito na modernización dos sectores tradicionais. A construción naval cede o seu protagonismo

á automoción no que respecta á fabricación de material de transporte. (Carmona & Nadal, 2005).

Nesta dinámica, houbo unha forte expansión dun reducido grupo de industrias que ampliaron investimentos e emprego, podendo citar o caso paradigmático de Citroen Hispania,. (Carmona & Nadal, 2005). Se ben Galicia resistiu inicialmente mellor que o conxunto do Estado a crise do petróleo, a súa posición foise deteriorando.

A crise afectou por unha parte ás medianas empresas daqueles sectores que crecieran durante a autarquía e que xa estaban enmagrecendo, tales como a madeira e conserva. Foi moi grave o caso da construción naval. (Carmona & Dios, 2020).

No que respecta á industria conserveira, parece que o paso do tempo xogoulle unha mala pasada, pois estatisticamente hai que falar de miles de empregos destruídos e históricas empresas desaparecidas. Pero isto non é de todo así se o comparamos con outros países tradicionalmente competidores que practicamente desapareceron como fabricantes de conservas. Neste sentido, a industria galega exporta hoxe moito máis que en ningún momento da súa historia (Carmona & Nadal, 2005).

Os anos centrais da década dos oitenta foron tamén os da saída da crise para algúns dos sectores que a sufriran con maior virulencia. Algunhas delas foi precisamente a industria conserveira, aínda que gran parte delas cerraron entre 1973 e 1985, outras melloraron posicións no mercado e souberon especializarse no atún, aproveitando así o novo mercado que supoñía a Unión Europea para así converterse en verdadeiras multinacionais do sector.

En canto á construción naval, Vigo conseguiu remontar a crise sufrida refacendo as súas carteiras de pedidos, mais Ferrol non correu a mesma sorte. O resultado deste proceso dispar fixo que en vésperas da crise de 2008 Vigo estivera consolidado como a capital da construción naval en España por tonelaxe entregado, e Ferrol reducira todas as súas variables no tocante a esta industria (Carmona & Dios, 2020).

1.5. Construcción e infraestructuras.

No contexto que vimos tratando, da ítima relación da evolución do rural e o urbán cos sectores económicos galegos, é importante destacar, no referido ao sector secundario, unha das actividades máis influíntes do mesmo, a construción.

O *desarrollismo* dos anos 60 supuxo un importante punto de inicio para o crecemento do sector, dada a expansión das infraestructuras, o crecemento das áreas urbanas e unha crecente apertura económica que facilitaba a actividade constructora. Nesta década inaugúrase un novo ciclo económico baseado na relaxación da intervención da economía e iníciase o regreso de España aos mercados internacionais, proceso que rematará de consolidarse coa entrada na UE en xaneiro de 1986. O número de empresas constructoras galegas con máis de cen traballadores en 1972 era moi superior ao correspondente a calquera outro dos sectores. Pero no período 1979-1982 deuse unha das maiores crises económicas da historia do sector inmobiliario, o prezo da vivenda retrocedeu un 35% en termos reais e moitas empresas deste sector desapareceron por toda España. Ademais en Galicia esta crise se prolongaría aínda máis até o 1986. Pero, tras cambiar o ciclo económico, a actividade da construción

crece a unha maior velocidade que o conxunto da economía, ademais a entrada na UE significou un punto de inflexión para o sector grazas aos fondos europeos e á expansión da obra pública e novas infraestruturas. (Carmona & Dios, 2020).

Unha das súas características máis recentes é a deslocalización da residencia habitual fóra da cidade. Vense dando dende os anos sesenta ata a actualidade, buscándose calidade de vida e vivenda a prezos máis asequibles, pero sen perder as vantaxes que pode ofrecer a proximidade á cidade. Por un lado existe a vertente da construción de vivendas ailladas en consonancia coas motivacións da clase media-alta, e por outro lado están as urbanizacións que resultan máis asequibles para a clase media. Ambas vertentes supoñen unha notable presión sobre o mercado da superficie, traendo problemas para reordenar o territorio por parte de pequenos concellos. En moitos casos o rural pasa a ser o extrarradio da cidade, no cal existe gran carencia de servizos dada a escasa planificación urbanística. Pero máis alá das consecuencias tanxibles, están por exemplo o fenómeno da segmentación da poboación entre antigos poboadores e colonos, quenes conviven pero obedecen a lóxicas distintas, e polo tanto o deseño de políticas será máis dificultoso, tendo que elixir un deseño só para un dos grupos, facer deseños diferentes ou un que reúna necesidades de ambas partes (Saco, 2010). Neste sentido, este foi un problema que se foi consolidando a medida que tamén o foron facendo os ensanches das cidades, buscando a visión xeral da forma urbana (José González & Cebrián Tello, 1999). A ampliación do parque industrial de vivendas provoca un auxe da construción sen precedentes que conleva unha nova reestructuración social na cidade.

Pasamos agora a considerar a “ruralidade intermedia”, que veñen sendo vilas ou capitais de comarca dinámicas, cun papel primordial para a promoción de zonas rurais. Estas demostran gran capacidade para novos escenarios de competitividade e para xerar unha forte identidade comarcal que favorece as producións baixo marca ou denominación de orixe. Neste tipo de vilas a man de obra inmigrante aséntase con maior facilidade e permanencia, e o sistema productivo goza dunha certa estabilidade, pero temos que falar de novo de segmentación entre poboación oriunda e foránea, neste caso inmigrante, no cal existen uns retos a ter en conta en canto a integración social.

A chamada “ruralidade remota”, a cal non se ve influida polos centros urbáns, viuse máis afectada que ningún outro entorno pola despoboación. Ademais, as producións non se conseguiron adaptar aos novos contextos, desaparecendo en gran medida os produtores de alimentos como o sector lácteo e vinícola. Neste caso a inmigración estranxeira ve nestas zonas unha primeira oportunidade laboral (Saco, 2010).

Tratando a temática de infraestruturas, pódese dicir que no referente á rede ferroviaria imos con certo retraso respecto á comunicación ferroviaria estatal, cunha velocidade media nos anos noventa de 60km/h, sen dobre vía, sen cercanías nin conexión coas principais instalacións portuarias para o tráfico de mercancías. En canto a instalacións portuarias, desaproveitamos o noso privilexiado emplazamento xeográfico na Europa Atlántica, onde discurre unha das máis importantes rutas de tráfico de mercancías a nivel mundial. (Beiras, 2000).

Neste sentido, non podemos obviar o caso da autopista do Atlántico, a cal cruza Galicia de norte a sur e polo tanto supón un dos principais canais de comunicación galegos. A

utilidade desta infraestrutura é de incalculable importancia, pero a subida das súas peaxes nunca está exenta de polémica nin de protestas sociais, a última delas ocorrida en outubro de 2018 promovida polos acordos entre a Administración Xeral do Estado e a sociedade conscesionaria para a ampliación das capacidades da autopista en determinados tramos (Blanco, 2019). Isto trae consigo a consecuencia da subida no prezo do seu uso, o que conleva demáis consecuencias negativas para traballadores que discurren entre as distintas cidades galegas, por non falar do aumento nos gastos de transporte que pode supor para as empresas, en ambas situacións en vista desta problemática óptase por usar outras estradas, ou pola contra algunhas empresas aceptan estes gastos de transporte pero repercutindo no prezo final dos seus produtos vendidos, uns productos que teñen maior dificultade de competir cos de outras compañías nacionais que non sufren este problema.


2. Comparativa económica por sectores e zonas xeográficas

A continuación, realizarase unha análise das principais características sectoriais da economía galega, atendendo en primeiro lugar a unha evolución recente en termos de PIB, poboación e PIB per capita, para posteriormente analizar a situación dende o punto de vista dos grandes sectores (primario, secundario, terciario e construción) e en relación aos sectores característicos identificados polo IGE.

2.1. Evolución recente da produción na economía galega


As seguintes gráficas reflexan o crecemento galego no tocante á súa evolución poboacional. Se nos fixamos na primeira delas pódese apreciar que o PIB galego evoluciona ascendentemente, conseguindo repoñerse do estancamento da crise do 2008, pódese afirmar entón que o PIB crece, non só dende o 1995 que é o ano ata o que nos podemos remontar segundo os datos que proporciona o IGE, senón que indo máis alá, nos últimos cincuenta anos o PIB galego multiplicouse por cinco (López, 2016).

Gráfico 1: Evolución do PIB e PIBpc galegos.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Gráfico 2: Evolución da poboación galega total e por provincias.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE.


Ademáis, o PIB per cápita galego acadará mellores valores a medida que pasan os anos con respecto a outros territorios, pero isto é sobre todo e máis que nada grazas ao peso relativo en poboación de Galicia respecto ao resto de España e Europa, xa que na nosa terra o estancamento poboacional é un feito que carece de ser un problema tan severo noutros territorios. Isto último apréciase a simple vista na segunda gráfica, a cal

demostra en base a datos sacados do INE que a poboación galega foi medrando até a década dos sesenta, pero xusto a partir de entón comezou a estancarse, e se reparamos na evolución poboacional por provincias sacamos como conclusión que foi debido á perda de poboación nas provincias de Lugo e Ourense, pola contra Pontevedra e A Coruña levan unha tendencia ascendente pero que parece non ser suficiente como para equilibrar a balanza da perda das outras dúas provincias de interior. Existe entón un desequilibrio poboacional interno con cada vez maior preeminencia das provincias occidentais, derivando todo isto nun problemático estancamento poboacional que ofrece como conclusión final que a esaxerada boa evolución nos datos do PIB per cápita galego e o seu achegamento en valores relativos con outros territorios ten a súa orixe na evolución demográfica galega.

2.2. Comparativa do PIB galego co español

A partir da información que nos achegan os seguintes gráficos, é doado entender unha das realidades máis características e importantes da economía galega, xa mencionada con menor detalle anteriormente. Trátase da converxencia pasiva como mecanismo de converxencia, é dicir, o feito de que os datos de produto e renda por habitante fosen pouco a pouco acadando mellores valores en Galicia, acurtando a súa distancia con respecto a outros territorios como o resto de España e a Unión Europea, pero debéndose esta boa evolución sobre todo ao estancamento poboacional, reducíndose así o tamaño relativo de Galicia.

Gráfico 3: Evolución do PIB galego e español en base 100




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE e INE.

Analizando o gráfico anterior, non é posible reparar na importancia que este proceso tivo ao longo da evolución económica das últimas décadas, xa que os datos que aporta tanto o IGE como o INE remóntanse tan só ao ano 1995. Aínda así pódese ver como por exemplo no 1999 o PIB galego crece máis que o do resto de España, e durante boa parte de tempo os dous PIBs seguen unha tendencia parexa en canto ao seu crecemento. Non é así cando chega a crise económica do 2007, onde parece que o PIB galego se resinte máis, chegando a acadar no 2017 unha diferenza de máis de doce puntos porcentuais con respecto ao español.

No seguinte gráfico obsérvase este mesmo proceso dunha maneira máis detallada. Pódese apreciar precisamente ese punto máximo do ano 1999 onde o PIB galego converxe co español até o punto de crecer máis que este último, e esa era a tendencia que se tiña seguido décadas atrás. Pero pola contra, a partir do ano 2000 apreciase un descenso na gráfica que evoca un proceso contrario ao que se viña de vivir. O PIB galego xa non converxe en termos absolutos co español, senon que este último crece máis, sobre todo a partires da crise do 2007.

Gráfico 4: Evolución PIB galego/PIB español



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE e INE.

Aínda así, se analizamos o PIBpc nestas mesmas datas, poderíase apreciar que, dado que a poboación galega estancase e a española non se estanca tanto como a primeira, o PIBpc galego sí segue a converxer co PIBpc español, pero isto é precisamente debido ao estancamento poboacional que sofre Galicia, sobre todo nas súas provincias de interior, analizado xa nos primeiros parágrafos deste apartado 2.

2.3. Análise dos grandes sectores en Galicia

2.3.1. Sector Primario


Comezamos plantexando a gráfica que amosa os datos do sector primario en Galicia, a cal demostra un claro ascenso en termos xerais, tan só cun pequeno e breve descenso nos primeiros anos de crise, dos que parece se puido recuperar e seguir cunha tendencia crecente.

Este sector primario está composto por tres amplos grupos económicos como son en primeiro lugar a agricultura, gandería e caza, en segundo lugar a silvicultura e explotación forestal, e por último a pesca. Ademais, cabe puntualizar que os transformados derivados da agroindustria non pertencen a este sector primario, aínda que están íntimamente relacionados con este.

De todos eles, o máis destacable en termos absolutos é o primeiro, posto que nel se engloban amplos rexistros económicos que lle dan forma ao total no conxunto destes tres grupos. Así pois, o total representado na gráfica sofre alteracións sobre todo debidas ás alteracións deste primeiro sector que representa a maior parte do total. Pola súa banda o segundo grupo e o terceiro levan unha tendencia constante e sen altibaixos no transcurso temporal representado.

En canto ao seu peso no PIB, apréciase unha oscilación que comprende entre o 6% e o 4% nos últimos vinte anos, o cal podería considerarse como unha representación moi escasa en comparación co resto dos grandes sectores como veremos a continuación.

Gráfico 5: Evolución Sector Primario.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

2.3.2. Sector secundario

Pásase agora ao sector íntimamente relacionado coa industria, no cal incide moito máis o impacto da crise, posto que como se pode apreciar, a caída sufrida foi máis intensa en canto a valores pero tamén en canto á súa dificultade para paliar co paso do tempo estes efectos, xa que incluso no 2018 non se teñen conseguido os valores acadados no 2008 previos á crise, o cal implica que durante polo menos dez anos o sector industrial estancouse, un retroceso económico que resulta moi determinante para a economía galega, posto que en termos absolutos este sector secundario pesa máis que o sector primario que vimos de analizar. Neste caso o peso oscila entre o 15,3% e o 17,3% debéndose isto a que os prezos do produto industrial no seu proceso de transformación conseguen multiplicarse acadando valores moi por encima dos que tiñan como produtos primarios. Ademais a isto hai que sumarlle o feito de que o sector secundario conta cunha gran variedade de grupos que lle dan forma ao valor final deste sector, particularmente manufactureiros.

Despois da sufrida crise déixase notar o proceso de desindustrialización galega, xa que como se pode ver o peso deste sector no total parece que sofre altibaixos, o que transmite unha inestabilidade que queda lonxe de conseguir manter o seu peso acadado nos anos de auge económico previos á crise.

Gráfico 6: Evolución Sector Secundario




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

2.3.3. Sector terciario.

Neste sector terciario ou de servizos, inclúense tamén gran cantidade de grupos, máis incluso que no sector anterior, que compoñen a valoración total.

Gráfico 7: Evolución do Sector Terciario



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

As adversidades económicas inflúen na gráfica dun xeito máis suave do que o fan nos anteriores sectores, isto débese á gran cantidade de grupos que se inclúen no sector terciario, o que deriva nunha máis suave alteración da gráfica. Así, o feito de que uns grupos sufriran antes as consecuencias da crise e outros máis tarde, puido facer que no conxunto total non se notase unha drástica caída nun ano concreto, pois non todas as actividades se ven afectadas do mesmo xeito e as influencias económicas poden tardar ou non en afectarlles segundo cada caso, deste modo, pode apreciarse que as consecuencias negativas da crise tardaron en ser tanxibles no resultado total, así como tamén a recuperación da mesma vese igualmente evolucionar moi tímidamente.

Ademais, cabe dicir que neste sector servizos inclúense unha cantidade considerable de actividades públicas dirixidas polos gobernos central e autonómico. Normalmente estas administracións públicas manteñen en certo modo a súa actividade a pesar das fluctuacións económicas, o cal pode fomentar un menor descenso e tamén ascenso en épocas de decadencia e apoxeo respectivamente.

O sector servizos tamén está caracterizado por contar con varios sectores de alto valor engadido tales como a sanidade, educación ou as finanzas, mais tamén existen outros que non contan con esta característica, como é o caso da hostalería. É de interese destacar esta diferenza que existe no conxunto de tódolos grupos que conforman o sector terciario, xa que cada un deles ten unhas características distintas e evolucionan dun xeito particular ante estímulos económicos similares.

En canto ao seu peso, representa a maior porcentaxe no total da economía galega se o comparamos co resto de grandes sectores. Así pois, os seus valores nos últimos vinte anos compréndense entre o 57,2% e o 63,2%, cun crecemento claramente constante a pesar dun leve estancamento nos recentes tempos de crise.


2.3.4. Construción

En canto á construción, os datos acadados a través do IGE non ofrecen ningunha conclusión reveladora se temos en conta que a crise do 2007 pódese definir como a crise inmobiliaria, afectando polo tanto a todo o conglomerado da construción máis que a ningún outro.

Tendo en conta isto, o que cabe esperar é o que nos amosa o gráfico que temos a continuación. O sector en cuestión sufriu un impacto especialmente severo, os valores comezan a descender a partir do 2007 e non parecen entrar nun período de recuperación con vías de acadar os datos do apoxeo previo á crise. De feito, no ano 2018 os valores son moi semellantes aos acadados no 2002, ou sexa que neste sentido pódese falar dun retroceso económico de practicamente vinte anos e que parece non tomar impulso de recuperación.

En canto ao seu peso con respecto ao PIB total, a tendencia é a mesma, a súa importancia na economía galega parece decrecer dende o 2006 onde acadara o seu máximo en torno ao 10,8%. Actualmente non consegue tomar un repunte e sitúase ao redor do 6,6%. Estes datos son totalmente comprensibles tendo en conta o especial impacto que tivo a crise do 2007 no sector inmobiliario.

Gráfico 8: Evolución da construción.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

2.4. Análise dos sectores galegos máis característicos


A continuación desenvolverase unha análise sobre os sete sectores que o IGE identifica como característicos para a economía galega.

2.4.1. Sector agroalimentario

Primeiramente, o sector da agroalimentación. Nel tamén se ve como inflúe o feito de que é un sector ligado a unha das actividades de primeira necesidade e polo tanto non se ve afectado do mesmo xeito ante alteracións de fluctuacións económicas. A pesca e a fabricación de produtos lácteos seguen unha dinámica totalmente constante, mentres que a agricultura, gandería, caza e servizos sumada a procesamentos e conservación de peixes, moluscos e crustáceos segue unha tendencia ascendente sen apenas alteracións. Cabe sinalar que no complexo agroalimentario tamén se incorpora parte do sector marítimo-pesqueiro analizado con anterioridade.

Trátase do sector máis característico dentro dos que se consideran como tal, dado que como se poderá apreciar, o seu peso en base ao PIB representa valores que ningún dos seguintes sectores acada, nin sequera a fabricación de automóbiles, que é a que máis se lle achega. En canto a este peso que representa dito sector en base ao PIB da economía galega, é especialmente destacable que neste sentido si se pode apreciar unha gran caída na etapa de recesión económica, e aínda que este descenso parecía darse xa dende o 2003 o certo é que o punto crítico acadouse no 2011 cun valor de 13,11%, a partir de entón sucedeuse unha melloría en termos de base ao PIB até chegar no 2018 ao 15,74%.

Gráfico 9: Evolución Agroalimentación.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

2.4.2. Sector forestal-madeireiro

En segundo lugar a cadea forestal-madeireira, cunha evolución claramente estancada con motivo da crise do 2007, de feito os valores acadados nese ano aínda non foron superados dende entón a pesar da tenue melloría con tendencia crecente ata o ano 2018. De entre todos os subsectores que forman o total desta cadea, o de maior relevancia é en termos monetarios a industria da madeira, seguida da silvicultura e explotación forestal e por último a industria do papel e fabricación de mobles que alternan a súa influencia clasificatoria no total.

Gráfico 10: Evolución cadea forestal-madeireira.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Unha das cuestións máis destacables no que se refire á produción total deste sector, é a polémica plantación de eucaliptos para a conseguinte industria madeireira. É polémica por diversas razóns, resulta que esta especie só pode plantarse en cotas inferiores aos 400m de altura que son as que coinciden coas zonas de maior densidade poboacional, provocando problemas de impacto visual, ademais os propietarios das fincas destas zonas buscan moitas veces o rendemento económico, fomentándose así a súa plantación, cos riscos que pode conlevar esta especie para os incendios forestais e tamén para a substitución dela en detrimento doutras árbores autóctonas. Con isto preténdese subliñar que debido a estas problemáticas xurdiron ideas contrarias ao desenvolvemento económico deste sector, e apréciase así que ás veces a ecoloxía ou certas funcións sociais da propiedade teñen unha dimensión económica que non se pode pasar por alto (Pérez, 1989).

Galicia pasou de producir un 22,5% da madeira do Estado no ano 1980 até alcanzar case o 58% no 2015. Ao mesmo tempo Galicia tamén está á cabeza de España en número de lumes e por superficie afectada, cos cambios ecolóxicos que estes ocasionan, favorecendo os incendios ao mesmo tempo a instalación de novas masas de eucaliptos sendo ademais unha especie moi inflamable. Aumenta así o comercio


desta madeira de escasa calidade e minórase o de gran calidade de árbores autóctonas.

En base a esta situación, é certo que sí se toman medidas, pero non son as suficientes xa que no período de 2008-2012 a Xunta gastou máis na loita contra os incendios que na ordenación forestal, o 66,4% foi para a prevención e extinción de incendios e o 33,5% a políticas de desenvolvemento forestal, e unha tendencia semellante nos anos posteriores, datos que contrastan coas previsións do Plan Forestal de 1992 que contemplaba para a extinción e prevención de incendios o 13,2% do total fronte a un 86,8% para fomento das políticas forestais. (Varela, 2017).

2.4.3. Sector vehículos e compoñentes

A continuación pasamos a analizar outro dos sectores máis representativos, sendo este a fabricación de vehículos e compoñentes, que como se aprecia segue unha estrutura semellante ao anterior sector económico, aínda que neste caso con tendencias máis acusadas.

Gráfico 11: Evolución fabricación de vehículos, remolques e semiremolques.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

O valor máis alto dase no ano 2007 e tampouco se conseguiu acadar unha cifra igual até o 2018, aínda que a tendencia é crecente dende o 2012, ano onde se acadou o punto máis crítico de toda a crise, con valores semellantes aos acadados no 2002, polo tanto pódese dicir que a crise trouxo un retroceso económico de dez anos. O seu peso na economía tamén segue unha tendencia semellante cun 15% no seu punto álxido do 2007 até rondar na actualidade o 11,5%. Un dos motores máis destacables neste ámbito empresarial do automóvil é a planta Citroen de Vigo, a cal dende a súa ampliación e modernización na década dos setenta pasa a consolidarse como a principal empresa industrial galega nunha comarca que vivira durante moitos anos unicamente de actividades marítimas (Carmona & Nadal, 2005).

2.4.4. Sector pesqueiro

Pásase a analizar o sector pesqueiro, o cal parece non verse demasiado afectado malia a crise sufrida. É certo que houbo un leve período de estancamento, pero sen case sufrir perdas significativas, considerándose pois un sector con importante capacidade de resistencia. Malia isto, cabe dicir que hai unha enorme diferenza se reparamos nas dúas liñas integradoras da evolución total, por iso neste caso separamos o resultado acadado por ambas liñas, posto que a conserva resulta ser de gran importancia. Por unha parte está a pesca, a cal inclúe tamén a acuicultura, que segue unha tendencia constante e case sen perceptibles cambios significativos, e pola outra banda atopamos a actividade de procesados e conservación de peixes, a cal dalle forma ao total final de ambas liñas, e neste caso sí se ve unha tendencia crecente cun periodo constante no trancurso dos primeiros anos de crise, dende o 2007 até o 2010, repuntando a partir de entón. En canto ao seu peso sobre o PIB parece que adopta igualmente unha tendencia crecente que varía entre un 6% e 8% no total da economía galega.

Gráfico 12: Evolución sector pesqueiro



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

A pesca galega mantén relacións interindustriais de carácter estrutural con 64 ramas das 81 con que se representa toda a economía, do cal se pode concluir a relación directa da pesca galega co resto da economía de Galicia. Ademais, a oferta total da pesca galega é capaz de cubrir a demanda do mercado español e mais exportar a mercados tanto da UE como de terceiros países. Cabe sinalar que a pesca galega é o sector económico exportador da economía galega. O carácter importador e exportador da pesca, garante a apertura externa da economía galega. Ao mesmo tempo é unha actividade económica inserida na economía mundial, no mercado global pesqueiro, e así o demostra a capacidade para importar e converter en bens de


mercado español e comunitario, as importacións de produtos equivalentes. (García-Negro, 2018).

2.4.5. Sector cultural

O seguinte gráfico mostra a evolución do sector cultural tendo en conta algúns dos seus subapartados tales como artes gráficas e reprodución de soportes gravados, edición, actividades de video, televisión, música e radio. Parece ser que neste caso o efecto da crise motivouse cun retraso bastante considerable. Ben é certo que a partir do 2008 comeza un descenso, pero non é até o 2012 cando se fai notar unha real caída no sector.

A evolución deste sector depende en gran medida dos fondos públicos, que se viron reducidos en gran medida, os orzamentos que a Xunta lle adicaba a este sector diminuíron nun 47% dende o ano 2009 até o 2020. (Praza, 2020). Se reparamos ademais no peso deste sector sobre o PIB pódese apreciar que a tendencia é claramente descendente, incluso con anterioridade á etapa de decadencia económica, pois no ano 2000 situábase en torno ao 1,86% e no 2018 ronda o 1% do total do PIB.

Gráfico 13: Evolución sector cultural.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.


2.4.6. Sector do transporte e da loxística

Con respecto ao transporte e loxística, parece que a crise afectou á súa evolución de distinta forma se precisamos cada unha das liñas que o integran. Así, tanto as actividades postais como o transporte aéreo segue unha evolución constante apenas significativa no total da suma das liñas. O transporte terrestre semella verse afectado a partir do 2008 e apenas consegue repuntar nos recentes anos, mentes que pola

contra o almacenamento parece tender ao crecemento constante sen verse afectado en ningún punto por situacións económicas alleas.

Aínda que se trata dun sector característico, en realidade o seu efecto non provoca demasiado impacto na economía, é dicir, que non ten efecto de arrastre, máis ben ao contrario, é este sector o que se ve arrastrado según a evolución económica xeral. En canto ao seu peso sobre o PIB, apréciase un período de retroceso comenzado xa antes da crise cun mínimo de 8,82% no 2007, pero que parece repuntar até chegar no 2018 ao 11,17%, quizáis como vimos dicindo consecuentemente da propia recuperación total da economía, que leva implícitamente á melloría deste sector.

Gráfico 14: Evolución transporte e loxística.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

2.4.7. Sector mineiro

Este último sector semella ser un dos máis afectados pola crise económica no 2007, xusto nese ano a tendencia crecente que viña tendo vese alterada até o punto de chegar a niveis tan drásticos que aínda actualmente non conseguen chegar até os que se daban na etapa previa a crise. Isto pode deberse neste caso, ademais de aos drásticos niveis macroeconómicos comúns a tódolos demais sectores económicos como estamos vendo, tamén e fundamentalmente ao peche da mina de carbón de Meirama. Un dos subsectores é a industria extractiva, que segue unha tendencia algo máis constante aínda que tamén influída polo impacto da crise. Pola súa banda, a fabricación doutros produtos minerais non metálicos segue unha alteración máis drástica que lle da forma ao resultado total do sector mineiro, neste caso Meirama é o principal causante desta variación negativa.

Gráfico 15: Evolución sector mineiro.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

O peso en base ao PIB galego tamén ofrece unha clara idea de decadencia conforme se van sucedendo os anos, no 2000 o peso representaba un 5,09% e no 2018 apenas un 2,15% do total.

Como resume destes últimos 40 anos de minería en Galicia, pódese dicir que o sector foi perdendo progresivamente importancia relativa seguindo a dinámica do peche de explotacións. Esta tendencia obsérvase con claridade nos últimos 10-15 anos: en 2005 a minería galega representaba, respectivamente, máis do 12% e 14% do valor da produción e emprego da minería española, e no 2015 pasa a representar algo máis do 8% e do 11% (tamén respectivamente). Ademais, este comportamento ten lugar nun contexto en que a minería en España segue unha tendencia claramente regresiva. Só os minerais industriais e os produtos de canteira son os que posibilitan que Galicia siga mantendo unha posición importante no sector mineiro español (cuarto lugar en valor da produción). Na produción de lousa e granito ornamentais Galicia segue a manter o primeiro posto a nivel mundial (Doldán & Regueiro & Rodríguez, 2018).

Conclusiones e ampliación

O obxectivo principal deste traballo ven motivado pola interese de demostrar as particularidades que vive hoxe en día a terciarizada economía galega fronte ás características pasadas da mesma, de xeito que en base a datos concluíntes se poida analizar a evolución dunha economía preindustrial e agraria do Século XIX que rematou por converterse paseniño nunha economía terciarizada. Sentando esta evolución como o punto clave do traballo, tamén se lle da importancia aos procesos que permitiron que isto tivese ocasión de ser, uns procesos específicos que marcaron o camiño desta evolución, e ademáis recúrrese á análise duns sectores que hoxe en día son os máis característicos da economía galega. Trátase entón de dar a coñecer unhas orixes particulares, un proceso evolutivo concreto, e unha situación característica actual que lle confiren os rasgos específicos á economía galega que coñecemos a día de hoxe.

É de especial mención o repaso económico dos últimos vinte anos, en base a datos e información contrastada dende o ano 2000. Neste sentido, cabe apuntar tamén a especial importancia que tivo a crise do ano 2007, mencionada con detalle en moitos apartados do traballo segundo o impacto que esta lle ocasionou aos distintos sectores económicos. Do mesmo xeito, espérase que a crise actual da COVID desencadee un impacto económico moi grande que xa se ven notando, pero dada a súa recente aparición aínda non se pode contar con datos que nos permitan elaborar un estudo en debidas condicións.

En canto á metodoloxía, os datos empregados para o traballo foron principalmente obtidos no Instituto Galego de Estatística e en menor medida do Intituto Nacional de Estatística, ademáis doutros datos históricos obtidos na bibliografía empregada, como artigos académicos, libros de historia económica ou en menor medida fontes secundarias como artigos periodísticos. Toda esta información foi plasmada de maneira ordeada a medida que os apartados requerían de ser explicados en base a datos concretos ou feitos históricos, contextualizando deste modo o traballo no seu conxunto. En base a esta pormenorizada información, ofrécese de cara a quen teña a vontade de lelo un resultado final moi concluínte no que respecta ao conxunto da economía galega dos últimos vinte anos, ademáis de facer un breve repaso dos precedentes económicos da mesma dende o Século XIX, conseguindo así que o lector remate por ter unha noción dos rasgos máis importantes que supuxeron a evolución da economía galega ata os nosos días.

Tras entregarlle unha especial dedicación ao traballo xa exposto nas liñas anteriores, é realmente interesante o resultado acadado a partires da información e datos que nel se presentan. A conclusión á que chegamos é a seguinte: co paso do tempo a economía galega foi terciarizándose a través dun proceso paulatino comezado xa no Século XIX, motivado polos avances tecnolóxicos que fixeron innecesarios a moitos campesinos e o requerimento de man de obra nas industrias das cidades, ademáis

doutras moitas causas xa expostas, tales como que os emigrantes oriundos do rural retornaban ás cidades en lugar de ao seu rural natal, fomentando así o éxodo do campo á cidade e baleirando os espazos rurais. Primeiro deuse este proceso do paso do sector primario ao industrial, pero pouco a pouco tanto os traballadores agrícolas como os fabriles comezaron a sobrar no sistema produtivo e a alternativa para toda esta xente comezou a ser o sector servizos, consolidándose así a terciarización da economía galega, cun peso do sector terciario hoxe en día en torno ao 60% do total do PIB, en contraposición co 5% do sector primario e o 17% do secundario. A construción pola súa banda, sendo tamén un sector fundamental na economía, sitúase ao redor do 6%.

Pese á realidade actual de que a poboación galega xa non se adica fundamentalmente á actividade agraria senón ao sector servizos, é de especial interese incidir na importancia que ten aínda o sector agroindustrial para a economía galega. A agroalimentación é o sector máis característico da economía galega dentro dos que se consideran como tal. O seu peso en base ao PIB representa valores que ningún dos demais sectores característicos acada, un 16% fronte por exemplo ao 11% do sector automovilístico sendo este o que máis se lle achega.

A importancia destas conclusións radica na semellanza que ten a economía galega coas do resto do seu entorno industrializado e terciarizado, considerándose pois que seguiu un proceso á par que ás economías que comezaron a etapa de industrialización alá polo Século XIX, e aínda que Galicia comezou o proceso con posterioridade soubo remontar o seu retraso e acadar as características propias dunha economía moderna. Pero ao mesmo tempo que segue uns parámetros contemporáneos tamén destaca por ter unhas características propias, cun conxunto de sectores moi particulares como son o sector forestal madeireiro, automovilístico, pesqueiro, cultural, transporte e loxística, mineiro e agroindustrial. Sendo este último o que destaca pola súa importancia en canto ao seu peso con respecto aos demais, tendo a súa explicación na peculiar evolución seguida pola economía galega en disparidade coas do seu entorno, posto que as conserveras consolidáronse na industrialización como unha marca de identidade da economía galega que aínda dura até hoxe, e a agricultura e gandería aínda manteñen certa importancia dende aquelas orixes preindustriais da economía galega.

As propostas políticas e económicas que puideran paliar algúns dos problemas de determinados sectores virían da man de ofrecer axudas públicas, por exemplo no que se refire ao sector cultural, que como se puido demostrar con anterioridade, a súa recente decadencia foi causada en gran parte debido a que os fondos públicos dos que dispoñía hai unha década diminuíron ao longo desta nun 47%. O mesmo sucede co sector forestal, cunhas problemáticas que poderían minorarse en gran medida se o orzamento da Xunta fose adicado en maior proporción á ordenación forestal en lugar de á extinción de incendios que se suceden ano tras ano, medidas máis longoplacistas que tardarían en ofrecer resultados, pero sen dúbida máis efectivas unha vez comezasen a dar os seus froitos. No tocante ao sector agroalimentario, as vantaxes competitivas coas que conta Galicia son incuestionables, facendo deste sector un dos mellores potenciais cos que conta a nosa economía, a cal vese favorecida enormemente debido a tal rendemento. E por último, se falamos do sector

automovilístico, cabe indicar que a crise do 2007 afectoulle grandemente, trátase dun pilar fundamental da nosa economía e polo tanto o feito de ter sorteado con dificultade a crise sentou unha das principais bases da recuperación económica galega en todo o seu conxunto.

No tocante aos límites atopados ao longo do desenvolvemento do traballo, poderíase destacar a dificultade para obter datos referentes ao turismo, xa que o Instituto Galego de Estatística non os facilita de maneira sesgada e ademáis a lista de actividades dos códigos CNAE tampouco os ordea en base á actividade turística. Galicia conta con recursos turísticos de especial interese dada a súa situación xeográfica cunha extensa costa recortada máis longa incluso que a andaluza, incentivando así un turismo de praia de clima máis suave que no Mediterráneo, ademáis da importancia que ten o camiño de Santiago, con gran recoñecemento mundial, ou moitas das cidades galegas que contan cun patrimonio cultural de gran interese nos seus cascos históricos. Dadas estas características especiais do turismo galego, sería especialmente interesante analizar os datos representativos deste sector no conxunto da economía galega, puidendo tamén analizar a súa evolución.

Este traballo deixa a porta aberta de cara a futuras investigacións. A análise da economía galega fíxose neste traballo en base á súa evolución e peso por sectores, pero sería interesante facer o mesmo en base á evolución por número de empresas ou emprego en cada un dos sectores, sabendo así a incidencia que tivo a crise e a recuperación da mesma en cada unha destas variables, posto que é realmente con estas dúas últimas variables como se podería analizar o impacto económico que ofrece o entorno nas familias, pola contra, a análise unicamente por sectores ofrece unha conclusión macroeconómica lonxe da realidade vivida polas economías domésticas.

Bibliografía

Beiras, X.M. (2000): La economía gallega ante el S.XXI. Revista gallega de economía. Vol. 9 num 1, páginas 1-3.

Blanco, J.A. (2019): La modificación de la concesión de la autopista del atlántico introducida por el real decreto 1733/2011. Revista general de derecho administrativo num 51.

Carmona, X., Dios, A. (2020): Mortalidad empresarial en Galicia 1972-2008. Fundación Inade.

Carmona, X., Nadal, J. (2005): *El empeño industrial de Galicia*, Ciudad y País, Fundació Pedro Barrié de la Maza.

Doldán, X., Regueiro, R., Rodríguez, X. (2018): Recursos enerxéticos e mineiros. Revista gallega de economía. Vol. 27-3, páginas 49-64.

García-Negro, M. (2018): A importancia económica da pesca en Galicia. Revista gallega de economía. Vol. 27-3, páginas 35-49.

González, J., Tello, C. (1999): Los ensanches en Galicia. Ciudad y territorio estudios territoriales, XXXI (119-120). Ministerio de Fomento.

Harvey, D. (1979): Urbanismo y desigualdad social. Madrid, Siglo XXI.

Instituto Galego de Estatística (IGE)

- Cadro macreconómico. Serie 1995-2018.
- Contas de produción e explotación e emprego a 72 ramas de actividade. Serie 2000-2018.
- Táboa de correspondencias: rama de actividade das Contas Económicas de Galicia CNAE-2009.
- Taboa de correspondencias: sectores característicos da economía galega e ramas de actividade das Contas Económicas de Galicia.

Instituto Nacional de Estadística (INE)

- Contabilidad Nacional Anual de España. Revisión Estadística 2019.
- Censos de población y viviendas.

- López, E. (2000): Estructura económica de Galicia, Noia(España), Edicións Laiovento
- López, E. (2016): Do atraso ao progreso económico de Galiza. Un proceso histórico á espera. Durbert García, I. Págs. 1-18
- Pérez, J. (1989): Economía política forestal y estrategia organizativa. Agricultura y Sociedad nº 51, páginas 177-203.
- Praza. (2019): A Xunta presenta os seus orzamentos, nos que o pago da débeda segue a absorber máis do 14% do total.
- Saco, A. (2010): Desarrollo rural y despoblación en Galicia:escenarios y desarrollos de futuro. Revista de estudios sobre despoblación y desarrollo rural. Nº9, páginas 10-30
- Seers, D. (1981): La Europa subdesarrollada. Madrid, Blume.
- Varela, R. (2017): Incendios e eucaliptos avanzan xuntos. Revista Cerna. Nº78, páginas 10-13.

